

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL**

RESOLUCIÓN do 12 de agosto de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2022, en réxime de concorrência non competitiva, as subvencións para investimentos en ecoinnovación e dixitalización da industria forestal-madeira e outras industrias que desenvolvan solucións ecoinnovativas baseadas na madeira, financiadas ao 100 % no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19 (códigos de procedemento IN500C e IN500D).

A Axencia Galega da Industria Forestal, entidade adscrita á Consellería do Medio Rural da Comunidade Autónoma de Galicia, configúrase como un organismo público que ten como eixe principal levar a cabo as actuacións precisas para impulsar a actividade económica asociada á industria forestal galega.

Nos termos recollidos no artigo 2 dos estatutos da Axencia Galega da Industria Forestal, aprobados polo Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos, defínense como obxectivos principais da Axencia, tanto incentivar o deseño de produtos derivados do sector forestal na procura de solucións estruturais verdes que contribúan co ambiente como mellorar a competitividade e a innovación das empresas do sector forestal-madeira.

Así mesmo, no artigo 8 dos seus estatutos, configúranse como competencias e funcións da Axencia, outorgar e xestionar subvencións nas materias da súa competencia, de acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como deseñar estratexias e elaborar e xestionar programas de captación de fondos estatais e internacionais dirixidos á innovación e á biotecnoloxía forestal-madeira.

A situación xerada pola evolución da COVID-19, obrigou as autoridades públicas a xestionar a crise sanitaria establecendo medidas para protexer a saúde e a seguridade, e estas medidas comportaron a maior crise económica coñecida. O sector da industria forestal-madeira sufriu o correspondente impacto económico e social. Ante esta situación, a Xunta de Galicia quere impulsar un plan de axudas para incentivar a mellora da industria forestal-madeira co fin de consolidar a produción de bioproductos de orixe forestal e preparar unha industria moderna, competitiva e capaz de dar resposta aos retos tecnolóxicos actuais.



Esta resolución ten como obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións á industria forestal-madeira e outras industrias que desenvolvan solucións ecoinnovativas baseadas en madeira e para os procesos de dixitalización da industria forestal-madeira.

Estas subvencións financiaranse con cargo aos créditos orzamentarios da Axencia Galega da Industria Forestal asignados para esta finalidade, conforme o establecido na Axenda de impulso da industria forestal-madeira e tendo en conta o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Con este fin, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 recóllese un crédito de 2.500.000 euros, co cal se financian os importes das axudas que se establecen nesta convocatoria.

De acordo co anterior,

RESOLVO:

1. Convocatoria e bases reguladoras.

1º. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexerá a concesión das subvencións da Axencia Galega da Industria Forestal, en réxime de concorrència non competitiva, á industria forestal-madeira e outras industrias que desenvolvan solucións ecoinnovativas baseadas na madeira, financiadas ao 100 % no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19 (códigos de procedemento IN500C e IN500D).

2º. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrència non competitiva e quedará suxeito ao Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*.

3º. As actuacións subvencionables con cargo a estas axudas están financiadas ao 100 % no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19, polo que deberán cumprirse as obrigacións específicas e demais disposicións que se establecen respecto diso nestas bases reguladoras.



2. Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto desde o día seguinte ao da publicación desta resolución ata o 31 de outubro de 2022 ou ata o esgotamento dos fondos asignados no caso en que se produza con anterioridade a esa data.

3. Información ás persoas interesadas.

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Axencia Galega da Industria Forestal, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da Axencia Galega da Industria Forestal: <http://xera.xunta.gal>.

b) Páxina web <https://sede.xunta.gal/portada> e introducindo no buscador o código de procedemento.

c) O teléfono 881 99 54 78.

d) Correo electrónico: xera.cmr@xunta.gal

4. Período de execución dos proxectos.

O período de execución dos proxectos elixibles denomínase período de execución do proxecto e abarcará desde o 1 de xaneiro de 2021 ata a data máxima de xustificación establecida na convocatoria, quedando excluídos os proxectos xa finalizados na data de presentación da solicitude, que non se considerarán subvencionables.

5. Prazo de xustificación.

1º. O prazo máximo para presentar a xustificación das actividades subvencionadas finalizará o 30 de novembro de 2022 para a primeira anualidade, e para a segunda o 31 de maio de 2023. Así mesmo, logo de solicitude motivada da persoa beneficiaria e sempre que sexa autorizada polo órgano que ditou a resolución de concesión, as cantidades non xustificadas na anualidade 2022 poderanse computar e xustificar na anualidade 2023, sempre e cando non fosen susceptibles de perda de dereito do seu cobramento.

2º. Atendendo ao artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderase conceder unha ampliación do prazo



de xustificación e de execución establecido, que non exceda a metade deste, sempre que as circunstancias o aconsellen e non se prexudiquen dereitos de terceiros. Esta ampliación deberá solicitarse, como máximo, un (1) mes antes de que remate o prazo de xustificación. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de xustificación.

6. Financiamento.

1º. As subvencións obxecto desta resolución serán financiadas con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia cun crédito total de 2.500.000 €, que se distribuirá entre as anualidades 2022 e 2023 de acordo co seguinte detalle:

Concepto	Aplicación	Proxecto	Anualidade 2022	Anualidade 2023	Importe total
REACT Ecoinnovación forestal	06.A4.741A.770.0	2021 00006	450.000 €	650.000 €	1.100.000 €
	06.A4.741A.780.1		50.000 €	100.000 €	150.000 €
REACT Rastrexabilidade dixital	06.A4.741A.771.0	2021 00007	450.000 €	650.000 €	1.100.000 €
	06.A4.741A.781.0		50.000 €	100.000 €	150.000 €
Total			1.000.000 €	1.500.000 €	2.500.000 €

Todo isto sen prexuízo de ulteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, de conformidade co disposto no artigo 30.2 do Regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o que poderá dar lugar á posibilidade de atender novas solicitudes.

Nestes casos o órgano concedente deberá publicar a ampliación do crédito a través dos mesmos medios en que publicou a convocatoria, sen que esta publicación implique unha apertura do prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo dos prazos para resolver.

Esta distribución do crédito poderá ser modificada conforme evolucione o desenvolvemento da tramitación, sempre sen incrementar o crédito total.

2º. Estas axudas están financiadas ao 100 % no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020:

Eixe prioritario: EP20 «Favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia da COVID-19 e as súas consecuencias sociais e preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía».



Obxectivo temático: OT13. Favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia da COVID-19 e as súas consecuencias sociais e preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía.

Obxectivos específicos:

- OE 20.1.2-OE REACT-UE 2. Apoio aos investimentos que contribúan á transición cara a unha economía dixital. Actuación 20.1.2.10: apoio á dixitalización de pequenas e medianas empresas no sector forestal.

- OE 20.1.4-OE REACT UE 4. Apoio aos investimentos que contribúan á transición cara a unha economía verde. Actuación 20.1.4.2: impulso á innovación no sector forestal:

Así mesmo, os indicadores de produtividade son:

- CO01-Número de empresas que reciben axudas (empresas).
- CO02-Número de empresas que reciben subvencións (empresas).
- CO05-Número de novas empresas beneficiarias da axuda (empresas).

7. Compatibilidade das axudas.

1º. Ao estar este réxime de subvencións suxeito ao Regulamento (UE) 1407/2013 relativo ás axudas *de minimis*, deberase garantir que, no caso de recibir as persoas beneficiarias outras subvencións baixo este réxime *de minimis*, non se supera o límite de 200.000 € nun período de tres exercicios fiscais. Este límite aplicarase independentemente da forma da axuda *de minimis* ou do obxectivo perseguido. O período determinarase tomando como referencia os dous exercicios fiscais anteriores e o exercicio fiscal en curso, de acordo co establecido no artigo 3 do citado regulamento.

2º. As subvencións reguladas nestas bases serán incompatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o mesmo proxecto ou finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, estatal ou de organismos internacionais.

8. Réxime de recursos.

Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes desde o día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ante o presi-



dente da Axencia, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

9. Base de datos nacional de subvencións.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

10. Entrada en vigor.

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de agosto de 2022

Jacobo José Aboal Viñas
Director da Axencia Galega da Industria Forestal

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións para investimentos en ecoinnovación e dixitalización da industria forestal-madeira e outras industrias que desenvolvan solucións ecoinnovativas baseadas na madeira, financiadas ao 100 % no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (códigos de procedemento IN500C e IN500D)

Artigo 1. *Obxecto e réxime das subvencións*

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto contribuír a fomentar a modernización e a dixitalización do sector forestal-madeira e impulsar o ecodeseño e a economía circular.

Consideraranse actuacións subvencionables todas aquelas que cumpran cos requisitos recollidos no artigo 5 e que se desenvolvan entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 31 de maio de 2023.

2. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrència non competitiva, segundo a excepción recollida no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CVE-DOG: bqphqs20-j729-xjj4-vw18-eeffgasd8rj6



Artigo 2. Persoas beneficiarias**1. Poderán ser beneficiarias destas axudas:****1.1. Para a liña 1-Ecoinnovación (código de procedemento IN500C):**

a) Pequenas e medianas empresas (incluídas as persoas autónomas) da industria forestal-madeira radicadas en Galicia que realicen aproveitamentos forestais ou que utilicen a madeira, a resina, a cortiza e os seus derivados ou outros produtos de orixe forestal, exceptuando os produtos alimentarios, como materia prima para a elaboración dos seus produtos.

b) Pequenas e medianas empresas (incluídas as persoas autónomas) radicadas en Galicia que implementen ou desenvolvan solucións ecoinnovativas baseadas en madeira.

c) Organismos intermedios: organizacións públicas ou privadas, sen ánimo de lucro e con personalidade xurídica propia que, de forma habitual, presten servizos de apoio á innovación e á modernización ás pemes e que dispoñan de recursos materiais e humanos para impulsar e orientar os proxectos, que desenvolvan a súa actividade principal en Galicia.

1.1.2. As empresas poderán presentarse de forma individual ou agrupadas.

1.1.3. Os proxectos de agrupacións (presentados por organismos intermedios ou por unha agrupación de empresas) deberán contar cun mínimo de 3 pemes.

1.1.4. No caso de solicitudes presentadas por organismos intermedios ou por unha agrupación de empresas, todas as persoas solicitantes quedan obrigadas solidariamente ao cumprimento dos deberes que deriven da concesión da subvención e ao cumprimento do establecido no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

1.1.5. Ademais, no caso de proxectos de agrupacións, deberán facer constar os compromisos de execución asumidos por cada unha das persoas solicitantes, así como o importe da subvención que se aplicará por cada unha delas, que terán igualmente a consideración de persoas beneficiarias. En calquera caso, deberá nomearse unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir os deberes que, como beneficiaria, corresponden á agrupación, e coa cal a Administración efectuará as actuacións no marco do procedemento administrativo.



1.2. Para a liña 2-Dixitalización (código de procedemento IN500D):

a) Pequenas e medianas empresas (incluídas as persoas autónomas) da industria forestal-madeira radicadas en Galicia que realicen aproveitamentos forestais ou que utilicen a madeira, a resina, a cortiza e os seus derivados ou outros produtos de orixe forestal, exceptuando os produtos alimentarios, como materia prima para a elaboración dos seus produtos.

Para alcanzar a condición de beneficiarias, deberán estar inscritas no Rexistro de Empresas do Sector Forestal (Resfor) e cos datos actualizados, de acordo co artigo 102 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, de conformidade co Decreto 50/2014, do 10 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos e micolóxicos en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia e o contido, organización e funcionamento do Rexistro de Empresas do Sector Forestal, ou dadas de alta nalgún código CNAE ou dispoñer de calquera outro medio válido en dereito que acredite a realización de actividades obxecto de subvención antes da presentación da solicitude.

b) Asociacións, organizacións, fundacións e entidades sen ánimo de lucro, públicas ou privadas, que teñan base asociativa e sexan representativas ou estean relacionadas coa cadea de valor da industria forestal-madeira e que desenvolvan a súa actividade en Galicia.

2. Para estes efectos, tomarase a definición de peme incluída no anexo I do Regulamento (UE) 651/2014, do 17 de xuño de 2014 (inclúe autónomos que cumpran a condición de pequena empresa).

A Axencia Galega da Industria Forestal fará as comprobacións documentais necesarias para garantir que as empresas beneficiarias teñen a condición de peme.

3. Para efectos das axudas *de minimis*, conforme a normativa aplicable, enténdese por empresa calquera entidade que exerza unha actividade económica, con independencia da súa natureza xurídica e da súa forma de financiamento.

En todo caso, a persoa solicitante das axudas deberá acreditar que exerce actividade económica, para os efectos do previsto no parágrafo anterior.

4. Os requisitos para ser beneficiarios deberán cumprirse antes da presentación da solicitude de axudas.



5. Empresas que teñan un centro de traballo radicado en Galicia

6. Non poderán obter a condición de beneficiarias:

a) Aquelas persoas nas cales conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

b) Aquelas persoas que fosen sancionadas con carácter firme por infracción grave ou moi grave en materia de subvencións pola Axencia Galega da Industria Forestal nos últimos 2 anos.

Artigo 3. Actuacións obxecto de apoio e gasto mínimo subvencionable

1. Ao abeiro destas bases reguladoras, as convocatorias anuais recollerán as seguintes liñas de apoio:

1.1. Liña 1-Ecoinnovación (código de procedemento IN500C): dirixida a apoiar proxectos vinculados ao ámbito de traballo das empresas beneficiarias especificadas no artigo 2.1.1, que comprendan polo menos algunha das seguintes actuacións:

a) Ecodeseñar produtos ou materiais que utilicen a madeira como materia prima, para conseguir desenvolvementos técnicos ou prototipos que melloren a pegada ambiental ao longo do ciclo de vida, respecto a outras alternativas ou modelos anteriores. As actuacións de ecodeseño previstas poderán referirse a unha ou varias das seguintes áreas:

i. Deseño máis eficiente do produto, que permita reducir o uso de materiais.

ii. Incorporación de materiais con menor impacto ambiental.

iii. Aumento da vida útil do produto desde o punto de vista técnico.

iv. Aplicación de novos tratamentos industriais da madeira libres de substancias contaminantes (utilización de vernices con baixo contido en COV, utilización de colas alternativas PVAc...).

v. Optimización do deseño para facilitar o desmonte ao final da vida útil do produto, facilitando a identificación e separación dos distintos materiais que o compoñen.



vi. Procesos de certificación da integración da variable ambiental no deseño, exclusivamente para os produtos ecodeseñados no contexto desta convocatoria. Por exemplo:

– Impacto ambiental na produción dos produtos feitos con madeira, de acordo coa norma ISO 14006 Xestión ambiental-Directrices para a incorporación do Ecodeseño.

– Etiquetaxe ecolóxica (ecoetiquetas), de acordo coa norma UNE-EN ISO 14020 Etiquetas ecolóxicas e declaracións ambientais. Principios xerais.

– Certificación da cadea de custodia (FSC-Forest Stewardship Council, PEFC-Certificación forestal paneuropea).

b) Implantar solucións de economía circular, encamiñadas a previr o malgasto e recuperar o máximo valor dos materiais nos procesos propios das persoas beneficiarias definidas no artigo 2. As actuacións previstas poderán referirse a unha ou varias das seguintes áreas:

i. Creación de novos modelos de negocio orientados á servitización dos produtos feitos en madeira ou produtos derivados.

ii. Optimización do consumo de recursos, a través da aplicación de mellores técnicas de produción ou a redución das etapas do proceso de fabricación dos produtos feitos en madeira.

iii. Desenvolvemento e implementación de procesos de posventa, orientados a ofrecer servizos de mantemento, reparación e repostos por un período de tempo prolongado.

iv. Incorporación de procesos de recuperación e revalorización de produtos e subprodutos de madeira (produción de biomasa, compostaxe, novos produtos, etc.).

v. Mellora da eficiencia nos procesos de distribución, a través da redución do volume e peso das embalaxes, uso de transportes máis eficientes ou o uso de envases e embalaxes reutilizables.

Quedan excluídas as actuacións referidas a eficiencia enerxética.

c) Introducir ferramentas para a análise dos aspectos ambientais que permitan á empresa identificar e, nalgúns casos, cuantificar os impactos ambientais asociados ás distintas

CVE-DOG: bqphqs20-j729-xjj4-vw18-eeffgasd8rj6



fases do ciclo de vida en procesos produtivos vinculados coa madeira. As ferramentas previstas poderán incluír as seguintes:

- i. Lista de comprobación (*checklist*).
- ii. Valoración estratéxica ambiental (Vea).
- iii. *Input* material por unidade de servizo (MIPS).
- iv. Matriz de materiais, enerxía e emisións tóxicas (MET).
- v. Ecoindicadores.
- vi. Análise do ciclo de vida (ACV).

1.2. Liña 2-Dixitalización (código de procedemento IN500D): dirixida a apoiar proxectos de dixitalización das persoas beneficiarias recollidas no artigo 2.1.2, vinculados aos procesos que utilicen madeira ou os seus derivados e que comprendan polo menos algunha das seguintes actuacións:

a) Implantar sistemas de dixitalización, xa sexa dalgún proceso concreto (por exemplo, interacción coa Administración pública ou proceso de fabricación) ou de xestión integral (ERP, CRM e similares), especificamente deseñados, desenvoltoos ou adaptados a un proceso concreto dentro do seu ámbito de actividade.

b) Poñer en marcha sistemas para a xestión do ciclo de vida de produtos feitos en madeira. Solucións tales como PDM, PLM ou DMF que recollan a información do produto desde a concepción deste ata a súa eliminación ou posta á venda, incluíndo o deseño e fabricación.

c) Implantar sistemas para o control e/ou mellora dos procesos produtivos, por exemplo sistemas de captura de datos, automatización, supervisión remota, sensórica e/ou mantemento preventivo.

d) Dixitalizar procesos que poidan levar asociada a impresión 3D ou fabricación aditiva de produtos feitos con madeira no proceso produtivo da empresa.

e) Despregar sistemas de planificación, control dos recursos empresariais e/ou loxística, tanto interna como externa.



- f) Automatizar e/ou sensorizar produtos ou servizos para o seu control e rastrexabilidade.
 - g) Implementar sistemas de interconexión de elementos físicos e virtuais, procesamento de datos capturados (*big data*) e ciberseguridade.
 - h) Desenvolver e poñer en marcha sistemas de analítica avanzada, intelixencia artificial, aprendizaxe automática e/ou toma de decisións autónoma (intelixencia empresarial) en relación coa industria das empresas beneficiarias.
 - i) Desenvolver ou adoptar unha interface dixital para as interaccións comerciais cos clientes ou provedores da industria forestal-madeira.
 - j) Implantar e/ou desenvolver sistemas de integración da cadea de valor, tanto a nivel organizativo en sentido horizontal como a nivel de colaboración en sentido vertical.
2. O gasto mínimo subvencionable para as dúas liñas de axudas será de 7.000 euros.

Artigo 4. *Condicións do proxecto*

1. O obxectivo do proxecto deberá estar aliñado cunha das liñas de apoio definidas no artigo 3.
2. Para que os proxectos teñan a consideración de elixibles, deberán realizarse no período establecido na resolución da convocatoria e estar implementados e en uso por parte da persoa beneficiaria ao final deste período.
3. O proxecto deberá incluír unha memoria onde se recollan as melloras esperadas coa súa implementación. Estas melloras ou beneficios significativos para a empresa e/ou o seu ecosistema poderán ser de tipo económico, ambiental e/ou social.
4. A realización do proxecto implicará, como mínimo, unha mellora ou beneficio significativo para a empresa e/ou o seu ecosistema, que poderá ser de tipo económico, ambiental e/ou social.
5. O proxecto deberá cumprir co gasto mínimo subvencionable especificado no artigo 3.2.
6. En ningún caso o custo de adquisición dos investimentos elixibles poderá superar o valor de mercado. Para verificar este asunto, poderanse realizar comprobacións adicionais



sobre o valor de mercado dos bens ou servizos imputados ao proxecto por calquera dos medios previstos no artigo 30.5 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

7. Para todas as liñas, as actuacións descritas no artigo 3 deberán executarse dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 5. *Gastos subvencionables*

1. Considéranse subvencionables os seguintes gastos, sempre que cumpran os requisitos sinalados a continuación:

a) Proxectos e gastos que cumpran os requisitos establecidos pola Orde HFP/1979/2016, do 29 de decembro, do Ministerio de Facenda e Función Pública, pola que se aproba a normativa sobre gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, modificado pola Orde HAC/114/2021, do 5 de febreiro, que estean vinculados ao proxecto.

b) Aqueles que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada en cada liña, e que resulten estritamente necesarios para o desenvolvemento da acción para a cal foron concedidos. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

c) Os gastos subvencionables deberán estar realizados e estar efectivamente pagados dentro do prazo de execución dos proxectos establecido na resolución da convocatoria. No caso dos bens e servizos subvencionados adquiridos a terceiros, os provedores non poderán estar asociados nin vinculados coa persoa solicitante ou cos órganos directivos ou xestores, entendendo esta vinculación nos termos especificados no artigo 43.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) Cando o importe do gasto subvencionable iguale ou supere a contía de 15.000 euros, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou fornezan.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán presentarse no momento da solicitude, deberá xustificarse expresamente nunha memoria cando a elección non recaia na proposta economicamente máis vantaxosa.

CVE-DOG: bqphqs20-j729-xjj4-vw18-eefggsd8rj6



e) As ofertas presentadas para cada gasto deberán estar asinadas electronicamente e cumprir os seguintes requisitos:

– Deberán proceder de empresas que teñan como obxecto social a realización das actividades incluídas na oferta.

– Non poderán proceder de empresas vinculadas entre elas, nin co solicitante, nos termos establecidos na lexislación de contratos do sector público.

– Deberán incluír como mínimo o NIF, nome e enderezo da empresa oferente, o nome ou razón social da empresa solicitante da axuda, a data de expedición e unha descrición detallada dos conceptos ofertados.

– Non se considerarán admisibles as ofertas presentadas que non reúnan estes requisitos, o que poderá dar lugar á exclusión como subvencionable do gasto xustificado con esa oferta.

– A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme criterios de eficiencia, de economía e ambientais, e debe xustificarse expresamente nunha memoria a dita elección, baseada nos criterios sinalados, cando non recaia na proposta economicamente máis vantaxosa. En caso contrario, considerarase como importe máximo subvencionable para ese concepto o correspondente á proposta económica máis vantaxosa.

f) Configúranse como conceptos de gastos subvencionables para cada unha das liñas de apoio os seguintes:

a) Liña 1-Ecoinnovación (código de procedemento IN500C): terán a consideración de custos subvencionables os seguintes conceptos, coa condición de que estean relacionados co desenvolvemento e execución do proxecto:

i. Custos de persoal técnico propio que traballe no proxecto: gastos do persoal propio dedicado de forma directa á realización da actividade subvencionada. O gasto subvencionable nesta actuación estará limitado a 20 €/hora e non poderá superar o 20 % do orzamento total do proxecto.

ii. Custos de colaboracións externas de carácter tecnolóxico ou organizativo: asistencia técnica, consultoría, ensaios e servizos directamente relacionados coa execución do proxecto (diagnóstico, planificación ou definición dos servizos previstos). As colaboracións



externas subvencionables non consistirán en actividades permanentes ou periódicas nin estarán relacionadas cos gastos de explotación normal da empresa como son servizos rutineiros de asesoría fiscal, servizos xurídicos ou de publicidade.

Nesta categoría queda excluída a adquisición de bens que teñan a consideración de inventariables.

iii. Custos asociados ás actuacións de formación necesarias para a posta en marcha das solucións adoptadas. Será subvencionable como máximo ata o 10 % do orzamento total do proxecto.

iv. Custos de materiais e subministracións, coa condición de que deriven directamente do desenvolvemento do proxecto. Será subvencionable como máximo ata o 50 % do orzamento total do proxecto.

v. Custos de adquisición de licenzas de software e/ou propiedade intelectual ou industrial, sempre que sexan de uso específico para o desenvolvemento das tarefas incluídas no proxecto e non de uso xeral. O gasto subvencionable estará limitado ao 25 % do orzamento total do proxecto.

vi. Custos de subscrición a software. Admitirase como gasto subvencionable o período de subscrición durante a vixencia da axuda. No caso de que o sistema de adquisición supere o prazo de execución da axuda, o período restante descontarase do gasto subvencionable *pro rata*.

vii. Custos asociados á obtención de certificacións da integración da variable ambiental no deseño, exclusivamente para os produtos ecodeseñados como parte do proxecto subvencionable.

viii. Custos de comunicación e márketing, coa condición de que estean asociados á imaxe nova do produto e este fose ecodeseñado no contexto desta convocatoria. O gasto subvencionable estará limitado ao 10 % do orzamento total do proxecto.

b) Liña 2-Dixitalización (código de procedemento IN500D): terán a consideración de custos subvencionables os de consultoría, enxeñaría, hardware e software vinculados, coa condición de que estean relacionados co desenvolvemento e execución do proxecto:

i. Custos de colaboracións externas de carácter tecnolóxico ou organizativo: asistencia técnica, adaptación e parametrización de solucións, consultoría e servizos directamente re-



lacionados coa execución do proxecto (diagnóstico, planificación ou definición dos servizos previstos). As colaboracións externas subvencionables non consistirán en actividades permanentes ou periódicas nin estarán relacionadas cos gastos de explotación normal da empresa como son servizos rutineiros de asesoría fiscal, servizos xurídicos ou de publicidade.

Nesta categoría queda excluída a adquisición de bens que teñan a consideración de inventariables.

ii. Custos asociados ás actuacións de formación necesarias para a posta en marcha das ferramentas adquiridas. Será subvencionable como máximo ata o 10 % do orzamento total do proxecto.

iii. Custos de adquisición de dispositivos tales como sensores, automatismos e equipos de comunicacións necesarios para o obxecto do proxecto. Soamente serán subvencionables os computadores persoais e servidores, impresoras, terminais, displays, tabletas, consolas e similares, que sexan de uso indispensable como interface para captura de datos ou configuración de dispositivos. Será subvencionable como máximo ata o 50 % do orzamento total do proxecto.

iv. Gastos derivados do desenvolvemento, implantación e posta en funcionamento do software relacionado co proxecto. Considéranse nesta epígrafe:

- Custos de subscrición a software: admitirase como gasto subvencionable o período de subscrición durante o período de execución do proxecto. No caso de que o sistema de adquisición supere o prazo de execución da axuda, o período restante descontarase do gasto subvencionable *pro rata*.

- Licenzas de software para aplicacións de empresas do sector forestal-madeira que interoperen coas xanelas administrativas da Xunta de Galicia e para o uso da solución obxecto das actuacións realizadas, excluindo o software de propósito xeral, por exemplo sistemas operativos, aplicacións de xestión/monitoraxe de redes/sistemas, paquetes de ofimática, correo electrónico, edición e tratamento de imaxes, salvo nos casos en que este tipo de software forme parte inseparable doutros activos que sexan obxecto de subvención dentro do proxecto. O gasto subvencionable estará limitado ao 25 % do orzamento total do proxecto.

2. Os investimentos realizados deberán incluírse no activo da empresa e manterse no seu centro de traballo radicado en Galicia durante os tres anos seguintes ao pagamento final da axuda.

CVE-DOG: bqphqs20-j729-xjj4-vw18-eeffgasd8rj6



3. Os investimentos tanxibles e/ou intanxibles deberán ser bens novos.

No caso de investimentos en activos intanxibles, para seren considerados subvencionables, deberán cumprir estas condicións:

1. Empregaranse exclusivamente na empresa beneficiaria da axuda.

2. Consideraranse activos amortizables.

3. Adquiriranse a terceiros en condicións de mercado sen que o adquirente estea en posición de exercer control sobre o vendedor, ou viceversa.

4. Non se considerarán subvencionables en ningunha das liñas:

a) O imposto sobre o valor engadido que sexa recuperable conforme a normativa nacional, así como os impostos de natureza similar que sexan recuperables conforme a normativa nacional, de conformidade co disposto na norma xeral 2, alínea c), da Orde HFP 1979/2016, do 29 de decembro.

b) Os gastos de desprazamento, a elaboración de materiais didácticos e o alugamento de salas, axudas de custo e similares. Estes gastos deberán figurar de forma separada no concepto das facturas.

c) Os custos de material de oficina e consumibles informáticos.

d) Os demais que se recollen no artigo 29.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 6. *Importe das axudas*

O importe máximo da subvención será do 70 % do gasto subvencionable, cun límite de 70.000 euros por beneficiario.

Na liña 2-Dixitalización (código de procedemento IN500D), esta porcentaxe verase incrementada ata o 80 % do gasto subvencionable cando a actuación obxecto de solicitude consuma un ou varios servizos web publicados pola Consellería do Medio Rural (<https://ovmediorural.xunta.gal/gl/consultas-publicas/servizos-web-forestais>) e naqueles proxectos de rastrexabilidade en que se graven as transaccións na plataforma *blockchain* da Xunta de Galicia denominada Fortra (<https://fortra.xunta.gal/>). Nos dous casos ten que



existir un compromiso de utilización dos ditos servizos durante un tempo mínimo de 3 anos computados desde que se produza o derradeiro pagamento da axuda, de acordo co disposto no artigo 71 do Regulamento (UE) 1303/2013.

Artigo 7. *Solicitudes*

1. As persoas interesadas deberán presentar unha solicitude, segundo a liña de axuda en que se pretendan participar (anexo I e II, segundo corresponda). Esta solicitude irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 8 das bases reguladoras.

2. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I e II) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que sexa realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

3. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, o órgano competente requirirá o interesado para que a emende no prazo máximo e improrrogable de 10 días, e indicarlle que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa solicitude, logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As subvencións resolveranse por orde de rexistro de entrada das solicitudes presentadas por cada liña e axuda a que se pretenda optar. Con todo, naqueles supostos en que se requirise aos solicitantes a emenda de erros ou omisións na solicitude ou documentación presentada, entenderase por rexistro de entrada da solicitude presentada a data en que o devandito requirimento estea correctamente atendido.

4. As persoas solicitantes deberán declarar responsablemente, tal e como consta no modelo do anexo I e II:



a) Se, en relación con outras subvencións, axudas, recursos ou ingresos concedidos ou solicitados, se solicitou, ou non, ou se recibiu, ou non, algunha outra subvención, axuda, recurso ou ingreso para o mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita a subvención.

b) Se, en relación con outras axudas *de minimis* concedidas ou solicitadas, se solicitou, ou non, ou se recibiu, ou non, algunha outra axuda *de minimis* durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso.

c) Que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

d) Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

e) Non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

f) Estar ao día no pagamento das obrigacións por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

g) Estar ao día das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

h) Que se compromete a cumprir as obrigacións e requisitos que se sinalan no artigo 19 das bases reguladoras.

i) Que a empresa solicitante cumpre cos criterios de definición de peme, segundo a definición incluída no anexo I do Regulamento (UE) 651/2014, do 17 de xuño de 2014.

5. Dado que a actuación está financiada ao 100 % no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19, as persoas solicitantes deberán, ademais, declarar responsablemente, tal e como consta no modelo do anexo I e II:

CVE-DOG: bqphqs20-j729-xjj4-vwl8-eeffgasd8rj6



a) Que teñen capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos de proxecto para os cales se solicita a axuda, en cumprimento do artigo 125.3.d) do Regulamento 1303/2013.

b) Que a persoa solicitante asumirá a aplicación de medidas contra a fraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obrigaón de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeita de fraude, de forma que calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco da presente convocatoria poderá poñer estes feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto: <http://www.conselleriadeconomia.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>

c) Que a persoa solicitante cumprirá a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións e contratación pública, cando cumpra.

d) Que conta cun sistema de contabilidade separada ou un código contable adecuado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permitan seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos Feder.

e) Que vai conservar toda a documentación relativa a esta subvención durante un período de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas en que estean incluídos os gastos da operación (artigo 125.4.d) e 140.1 do Regulamento 1303/2013). Comunicarase ao beneficiario a data de inicio do prazo.

Artigo 8. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I e II) a seguinte documentación:

a) Acreditación da representación suficiente para actuar no nome da persoa solicitante, no caso de que a solicitude non estea asinada por representante legal.

b) Escrituras sociais de constitución e modificacións posteriores, no caso dunha sociedade.



c) Certificado de situación censual, no caso de autónomos.

d) No caso de non autorizar a súa consulta, certificado de inscrición no Rexistro de Empresas do Sector Forestal (Resfor) cos datos actualizados, só para solicitudes da liña 2 (IN500D).

e) No suposto de non estar inscrito no Resfor, documentación acreditativa da alta nalgun código CNAE ou, se é o caso, calquera outro medio válido en dereito, que certifique a realización de actividades obxecto de subvención, só para solicitudes da liña 2 (IN500D).

